

11 Enero de 2016 - Revista 1055

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



xuventude.net

EN PORTADA	/ 2
BOLSAS E AXUDAS	/ 5
PREMIOS E CONCURSOS	/ 5
NOVAS DE EMPREGO	/ 8

EN PORTADA

Subvencións do programa Servizo de Voluntariado Xuvenil

Martes, 05 Xaneiro 2016 09:03



No **Diario Oficial de Galicia do 5 de xaneiro de 2016** publícanse as subvencións concedidas no ano 2015 a entidades de acción voluntaria e a entidades locais, enmarcadas no **programa Servizo de Voluntariado Xuvenil**.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2016/20160105/AnuncioG0425-181215-0001_gl.pdf

EN PORTADA

Bolsas convocadas pola Xunta de Galicia

Martes, 05 Xaneiro 2016 11:41



No apartado de **Ensin e Formación** da nosa web podes consultar as bolsas convocadas pola Xunta de Galicia durante o derradeiro ano:

http://xuventude.xunta.es/uploads/docs/ensino/BOLSASENSINO/BECAS_XUNTA_GALICIA.pdf

Probas para a obtención dos Celga 1, 2, 3 e 4

Xoves, 07 Xaneiro 2016 07:16



A **Secretaría Xeral de Política Lingüística** convoca as probas para a obtención dos certificados de lingua galega, niveis **Celga 1, 2, 3 e 4, no ano 2016**.

Datas:

*Celga 4: 2 de abril de 2016.
Celga 2: 3 de abril de 2016.
Celga 3: 9 de abril de 2016.
Celga 1: 10 de abril de 2016.*

As solicitudes para a inscrición na proba farase están dispoñibles en <https://sede.xunta.es/> co procedemento **ED114A** e en <http://www.lingua.gal/>

Programa de Voluntariado Xuvenil CommEUnicate! en Austria

Xoves, 07 Xaneiro 2016 09:16



As **zonas rurais en Austria** a miúdo carecen dunha perspectiva europea ou transcultural: aínda que a inmigración é unha cuestión importante, os inmigrantes están na súa maioría invisibilizados e excluídos do discurso oficial, e moitas das vantaxes dunha Europa sen fronteiras non son percibidas no día a día, como si sucede nas áreas urbanas. Esta é a razón pola que o **Programa de Voluntariado Xuvenil CommEUnicate!** ten como obxectivo xerar un diálogo europeo entre a poboación nova da rexión de **Salzkammergut**.

A **organización xuvenil Jugendzentrum YOUZ** convida a mozos voluntarios a converterse nunha parte activa do centro xuvenil, traballando con mozos da zona e acompañándolles na súa vida diaria durante 9 meses. Este voluntario será un embaixador da súa propia cultura e difundirá o seu legado cultural entre a xente nova da zona. Co fin de ter unha plataforma máis ampla, o proxecto colaborará coa emisora de radio local **Freies Radio Salzkammergut**: o voluntario adquirirá as nocións básicas para producir contidos de radio e emitir unha serie de programas acerca da súa perspectiva cultural, experiencia europea e outros temas relacionados coa mocidade.

Actividades

O voluntario converterase en **parte do equipo do centro YOUZ**, o que implicará participar nunha ampla gama de actividades, como a organización de pequenos eventos, a motivación dos mozos para formar parte deles, charlas regulares con eles sobre a súa vida, dar consellos se é necesario, etc. (Un total de 25 horas por semana).

Ademais disto, o voluntario encargarase de crear un programa de radio (semanal ou mensual) sobre temas que lle interesen, á vez que outras actividades (gravación de pistas, entrevistas, etc.). O idioma deste contido dependerá do voluntario (7 horas en total por semana).

No primeiro mes de estancia, a atención centrarase en dotar ao voluntario das ferramentas necesarias para o desempeño destas actividades (pequenos talleres, inmersión en ambas as organizacións, etc.). Ademais, poderá aprender alemán ao longo da duración do proxecto.

Datas: Setembro 2016 - Abril 2017.

Requisitos: Maiores de 18 anos, interesados en traballo xuvenil e medios de comunicación.

Idiomas requiridos: nivel básico de inglés ou alemán.

Aloxamento: habitación individual con baño, no centro da cidade.

Persoa de contacto:

Andrea Csiki-Keil
Auböckplatz 6
4820 Bad Ischl
Tel: 06132/24909
Mail: project@bi-young.at
<http://www.bi-young.at/juz/>

Acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral

Venres, 08 Xaneiro 2016 12:35



A Consellería de Educación convoca o **proceso de acreditación de competencias profesionais** adquiridas a través da experiencia laboral, na *Comunidade Autónoma de Galicia*, en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais.

Requisitos: Ter experiencia laboral e/ou formación relacionada coas competencias profesionais que se queiran acreditar.

No caso de experiencia laboral, xustificar polo menos *tres (3) anos*, cun mínimo de *2.000 horas traballadas en total*, nos últimos dez anos transcorridos antes de realizarse a convocatoria, para unidades de competencia de niveis II e III, e para unidades de competencia de nivel I xustificarán cando menos *2 anos* cun mínimo de *1.200 horas traballadas en total*.

No caso de formación, xustificaranse polo menos *200 horas* para unidades de competencia de nivel I ou *300 horas* para as unidades de competencia dos niveis II e III, nos últimos dez anos transcorridos antes de realizarse a convocatoria. Nos casos en que os módulos formativos asociados á unidade de competencia que se pretenda acreditar prevexan unha duración inferior, deberanse acreditar as horas establecidas nestes módulos.

Cualificacións profesionais:

ADG307_2 *Actividades administrativas de recepción e relación coa clientela*
ADG308_2 *Actividades de xestión administrativa*
AGA168_2 *Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes*
AGA343_2 *Aproveitamentos forestais*
AGA457_2 *Actividades de floraría*
AGA460_2 *Producción de sementes e plantas en viveiro*
EOC052_2 *Fábricas de albanelaría*
EOC580_2 *Cubricións inclinadas*
EOC582_2 *Impermeabilización mediante membranas formadas con láminas*
EOC586_2 *Pavimentos e albanelaría de urbanización*
EOC583_2 *Instalación de placa de xeso laminado e falsos teitos*
EOC584_2 *Instalación de sistemas técnicos de pavimentos, empanelados e anteparos*
EOC587_2 *Pintura decorativa en construción*
EOC589_2 *Revestimentos con pastas e morteiros en construción*
EOC590_2 *Revestimentos con pezas rixidas por adherencia en construción*
ELE043_2 *Montaxe e mantemento de infraestruturas de telecomunicacións en edificios*
ELE257_2 *Montaxe e mantemento de instalacións eléctricas de baixa tensión*
ENA261_2 *Montaxe e mantemento de instalacións solares fotovoltaicas*
ELE043_2 *Montaxe e mantemento de infraestruturas de telecomunicacións en edificios*
ELE188_2 *Montaxe e mantemento de instalacións de megafonía, sonorización de locais e circuío pechado de televisión*
ELE189_2 *Montaxe e mantemento de sistemas de telefonía e infraestruturas de redes locais de datos*
FME032_2 *Mecanizado por arranque de labra*
FME035_2 *Soldadura*
FME350_2 *Caldeiraría, carpintaría e montaxe de construcións metálicas*
FME351_2 *Fabricación e montaxe de instalacións de tubaxe industrial*
HOT093_2 *Cociña*
HOT223_2 *Repostaría*
INA107_2 *Pastelaría e confeitaría*
HOT093_2 *Cociña*
HOT327_2 *Servizos de bar e cafetería*
HOT328_2 *Servizos de restaurante*
HOT094_3 *Recepción*
HOT333_3 *Xestión de pisos e limpeza en aloxamentos*
IMP120_2 *Servizos estéticos de hixiene, depilación e maquillaxe*
IMP121_2 *Coidados estéticos de mans e pés*
IMP119_2 *Peiteado*
IMP121_2 *Coidados estéticos de mans e pés*
HOT223_2 *Repostaría*
INA015_2 *Panadaría e bolaría*

- INA107_2 Pastelería e confeitaría
- IFC078_2 Sistemas microinformáticos
- IFC298_2 Montaxe e reparación de sistemas microinformáticos
- IFC299_2 Operación de redes departamentais
- IFC300_2 Operación de sistemas informáticos
- IMA040_2 Montaxe e mantemento de instalacións frigoríficas
- IMA369_2 Montaxe e mantemento de instalacións de climatización e ventilación-extracción
- ENA190_2 Montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas
- ENA472_2 Montaxe, posta en servizo, mantemento e inspección de instalacións receptoras e aparellos de gas
- IMA368_2 Montaxe e mantemento de instalacións caloríficas
- MAM058_2 Mecanización de madeira e derivados
- MAM060_2 Acabamento de carpintaría e moble
- MAM062_2 Montaxe de mobles e elementos de carpintaría
- MAM058_2 Mecanización de madeira e derivados
- MAM059_2 Instalación de mobles
- MAM062_2 Montaxe de mobles e elementos de carpintaría
- MAM277_2 Instalación de elementos de carpintaría
- QUI020_3 Ensaio microbiolóxicos e biotecnolóxicos
- QUI021_3 Ensaio físicos e fisicoquímicos
- QUI117_3 Análise química
- SAN025_2 Transporte sanitario
- SAN122_2 Atención sanitaria a múltiples vítimas e catástrofes
- SAN123_2 Farmacia
- SC322_3 Educación infantil
- TMV044_2 Pintura de vehículos
- TMV045_2 Mantemento de estruturas de carrozarías de vehículos
- TMV046_2 Mantemento de elementos non estruturais de carrozarías de vehículos
- TMV047_2 Mantemento de sistemas de transmisión de forza e trens de rodaxe de vehículos automóbiles
- TMV048_2 Mantemento do motor e os seus sistemas auxiliares
- TMV197_2 Mantemento dos sistemas eléctricos e electrónicos de vehículos
- TMV266_2 Mantemento do motor e dos sistemas eléctrico, de seguridade e confortabilidade de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil

O prazo de presentación de solicitudes será desde o **11 de xaneiro ao 5 de febreiro de 2016**, ambos os dous incluídos.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es/> co procedemento **ED517B**

Máis información no DOG do 8 de xaneiro de 2016 e en <https://www.edu.xunta.es/acreditacion/>

<http://traballo.xunta.es/portada-reconecemento-experiencia-profesional>

Clube de Conversa en Lingua Inglesa

Luns, 11 Xaneiro 2016 14:27



Benvidos a un novo ano de actividades no noso Clube de Conversa!

Esta actividade vai dirixida a xente nova con idades comprendidas entre os 18 e os 35 anos, a excepción de **Grupo 1 de Nivel Intermedio** que non ten límite máximo de idade.

Horarios Nivel Intermedio:

Grupo 1: martes de 17.00 a 18.00 horas. (A partir de 18 anos)

Grupo 2: martes de 18.30 a 19.30 horas. (Mocidade de 18 a 35 anos)

Horarios Nivel Avanzado:

Grupo 1: xoves de 17.00 a 18.30 horas. (Mocidade de 18 a 35 anos)

Grupo 2: xoves de 18.30 a 19.30 horas. (Mocidade de 18 a 35 anos)

O **Clube de Conversa en Lingua Inglesa** é unha iniciativa do **Centro Coordinador de Información Xuvenil**, en Santiago de Compostela, dentro do programa **"O Son das Linguas"** cuxo obxectivo é fomentar os espazos informais de conversa en diferentes linguas.

Para inscribirse na actual convocatoria é necesario ter coñecementos de inglés a nivel *Intermedio* ou *Avanzado*. O centro pon a disposición das persoas interesadas en participar unha sala equipada con ordenador e proxector, así como apoio técnico na organización e dinamización da actividade.

As persoas interesadas poderán solicitar a súa inscrición unicamente nun nivel e nun horario determinado marcando a casilla correspondente na solicitude de participación:

FORMULARIO DE INSCRICIÓN

Máis información:

Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil

Rúa de Ramón Piñeiro nº 17-19 baixo

Tel. 881 99 76 07 / 06

Correo electrónico: oixuventude.traballo@xunta.es

A seguinte táboa describe as diferencias entre o nivel Intermedio (B1) e o nivel Avanzado (B2).

	Nivel Intermedio (B1 MCER)	Nivel Avanzado (B2 MCER)
INTERACCIÓN ORAL	Sei desenvolverme en case todas as situacións que se me presentan cando viaxo onde se fala esa lingua. Podo participar espontaneamente nunha conversa que trate temas cotiáns de interese persoal ou que sexan pertinentes para a vida diaria (por exemplo, familia, afeccións, traballo, viaxes e acontecementos actuais).	Podo participar nunha conversa con certa fluidez e espontaneidade, o que posibilita a comunicación normal con falantes nativos. Podo tomar parte activa en debates desenvolvidos en situacións cotiás explicando e defendendo os meus puntos de vista.
COMPRESIÓN ORAL	Comprendo as ideas principais cando o discurso é claro e normal e trátanse asuntos cotiáns que teñen lugar no traballo, na escola, durante o tempo de lecer, etc. Comprendo a idea principal de moitos programas de radio ou televisión que tratan temas actuais ou asuntos de interese persoal ou profesional, cando a articulación é relativamente lenta e clara.	Comprendo discursos e conferencias extensos e mesmo sigo liñas argumentais complexas sempre que o tema sexa relativamente coñecido. Comprendo case todas as noticias da televisión e os programas sobre temas actuais. Comprendo a maioría das películas nas que se fala nun nivel de lingua estándar.
EXPRESIÓN ORAL	Sei enlazar frases de forma sinxela co fin de describir experiencias e feitos, os meus soños, esperanzas e ambicións. Podo explicar e xustificar brevemente as miñas opinións e proxectos. Sei narrar unha historia ou relato, a trama dun libro ou película e podo describir as miñas reaccións.	Presento descricións claras e detalladas d'unha ampla serie de temas relacionados coa miña especialidade. Sei explicar un punto de vista sobre un tema expoñendo as vantaxes e os inconvenientes de varias opcións.

BOLSAS E AXUDAS FORMACION PRACTICA

Bolsa de formación na área de ciencia económica no sector público

Luns, 11 Xaneiro 2016 07:30



A **Escola Galega de Administración Pública (EGAP)**, convoca unha bolsa de formación na área de ciencia económica no sector público.

Requisitos:

Acreditar ter terminados os estudos académicos con posterioridade a xaneiro do ano 2012 e acreditada a titulación de licenciatura ou grao en economía.

O importe de cada bolsa será de 1.100 € brutos mensuais, 13.200 € anuais.

O **prazo** de presentación de solicitudes será desde o **11 de febreiro de 2016**.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es/> co procedemento **PR770I**.

Máis información no DOG do 11 de xaneiro de 2016 e en <http://egap.xunta.es/>

PREMIOS E CONCURSOS

PREMIOS E CONCURSOS

Camiños da liberdade para mozos

Xoves, 07 Xaneiro 2016 08:42



Camiños da liberdade busca provocar a *reflexión e discusión* sobre os *distintos aspectos da Liberdade*, xerar pensamento ao redor dela e facer conscientes a quen non se decataron aínda do valor que ten a súa propia Liberdade.

1. Poderán participar neste concurso mozos e mozas de ata 25 anos de idade de fala española.
2. As obras presentadas deberán ser totalmente orixinais e inéditas.
3. O tema das obras é a liberdade e serán premiadas aquelas que reflexionen sobre o seu significado e implicacións para a vida diaria.
4. As obras poden ser individuais ou en equipo.

5. Cada concursante poderá participar con dúas obras en cada categoría.

6. As categorías nas que se poden participar son as seguintes:

a) Fotografía. Deben enviarse na mellor resolución posible en formato JPEG.

b) Música. Poden participar pezas de calquera xénero musical, cunha duración máxima de 3 minutos en formato AIFF ou WAV e deberá enviarse coa letra da canción en caso de ter.

c) Narrativa e poesía. Terán unha extensión máxima de 10 páxinas de Microsoft Word tamaño A4 ou carta, con marxes de 2,5 cm arriba e abaixo e 3 cm de esquerda e dereita, letra Arial número 12 e dobre interlineado.

d) Ensaio. Contará cunha extensión máxima de 10 cuartillas.

e) Plástica. Poden participar as diferentes técnicas de pintura ou escultura.

f) PintArte en tenis. Consiste en decorar un tenis ou o par, utilizando calquera técnica. Enviaranse asinados con pseudónimo.

7. En todos os casos as obras deberán estar asinadas cun pseudónimo.

8. O autor enviará nun mesmo *correo electrónico*:

a) Documento co pseudónimo, o título da obra, o nome completo do autor, data e lugar de nacemento, a súa dirección, ocupación, número de teléfono con lada e dirección de correo electrónico.

b) Os concursantes estranxeiros deberán enviar copia do seu pasaporte ou identificación nacional.

c) Un breve resumo biográfico.

d) Unha pequena explicación sobre a súa obra describindo os materiais, técnicas e o significado da obra.

e) Os traballos dos menores de idade deberán vir acompañados da autorización de ambos os pais ou de quen exerza a patria potestade (xunto con copia das súas identificacións oficiais), na que se mencione que están de acordo e dan o seu consentimento en que os seus fillos participen. No caso de que sexan traballos en equipo, será necesaria a autorización por cada participante menor de idade. En caso de resultar triunfador será necesario que quen reciba e firme o recibo correspondente sexa un dos pais que se teña rexistrado.

9. Se o concursante non envía toda a documentación requirida antes da data límite será descalificado.

10. As obras plásticas e tenis pódense entregar en persoa no portelo de *mensaxería de TV Azteca Ajusco* (de luns a venres de 9:00 a 19:00 hrs.) ou enviarse á seguinte dirección:

Concurso "Camiños da liberdade"

Periférico Sur #4121
Col. Fuentes del Pedregal
C.P. 14141
Delegación Tlalpan
México, D.F.

As obras de fotografía, música, ensaio e narrativa e poesía deben enviarse por correo electrónico á seguinte dirección:

caminosdelalibertadparajovenes@tvazteca.com.mx

O **prazo** para presentar as obras estará aberto ata o **15 de febreiro de 2016**.

Premios (en pesos mexicanos):

Primeiro: \$50,000

Segundo: \$30,000

Terceiro: \$15,000

Outorgaranse **sete menciones honoríficas**, sen premio en efectivo, para as obras que a xuízo dos xurados teñan a calidade suficiente. Estas obras tamén **serán difundidas a través de diversos medios**.

Máis información: caminosdelalibertadparajovenes@tvazteca.com.mx

<http://www.caminosdelalibertad.com/>

XXI Certame Internacional de Mozos/as Cantautores

Luns, 11 Xaneiro 2016 08:38

A **Deputación de Burgos** convoca o **XXI Certame Internacional de mozos/as Cantautores**.



Poderán participar neste **Certame** mocidade con idades comprendidas entre *16 e 30 anos*, ambas inclusive a data do **31 de xaneiro de 2016**.

O **prazo** de admisión estará aberto ata o día **31 de xaneiro de 2016**.

Cada participante poderá interpretar unha soa composición, cuxo título, letra e música, han de ser orixinais e en idioma castelán.

Á composición daráselle un título, que será o nome do arquivo mp3.

Presentación das cancións e da documentación por e-mail á dirección cantautores@diputacionde-burgos.es

A canción presentarse en formato mp3, o arquivo chamarase co título da canción. E enviaranse así mesmo os seguintes documentos:

- O boletín de participación debidamente asinado.
- Fotocopia do DNI ó Pasaporte ou Documento equivalente.
- Breve biografía artística.
- Letra da canción.
- A partitura da composición, serve a letra cos acordes das notas.
- A gravación da canción obrigatoriamente será fiel á representación de como será interpretada en directo, no Concerto da Fase Final.

Tras unha fase previa de selección a través da audición das cancións presentadas ao Certame, o fallo final do xurado emitirase nun concerto en directo, comunicándose, no seu momento, aos/as mozas que resulten finalistas o lugar, a data e a hora.

As **seis cancións premiadas** serán reproducidas en DVD, e subiranse a YouTube, a través da gravación do concerto en directo, que se completará ata un total de 12 cancións, coa canción de libre elección que cada finalista interprete no **Concerto da Fase Final**.

Premios:

- 1.500 € Primeiro premio
- 1.200 € Segundo premio
- 900 € Terceiro premio
- 600 € Cuarto premio
- 450 € Quinto premio
- 300 € Sexto premio

Unha actuación para cada finalista no madrileño **Café Liberdade 8**, por xentileza do mítico Café.

As cancións de libre elección serán cedidas, voluntariamente, polos seus autores/as ao **Instituto Provincial para o Deporte e Mocidade de Burgos de Deputación Provincial de Burgos**.

Máis información en <http://www.cantautoresburgos.com/wp/bases/>

I Concurso musical infantil "Quero Cantar"

Luns, 11 Xaneiro 2016 11:24



solicitude.

A Deputación da Coruña, convoca o **I Concurso musical infantil "Quero Cantar"** coa intención de promover e difundir o uso da lingua galega e a creatividade poética e musical.

Poderán participar neste concurso os grupos musicais formados por un máximo de dez persoas, das cales cando menos a voz ou voces solistas deben ser nenas ou nenos de ata **12 anos de idade**. No caso non haber voces solistas, senón tan só coro, as persoas integrantes deste deben aterse ao mesmo límite de idade. Este límite de idade enténdese referido ao momento no que é enviada a

Premios

Premio ás **10 propostas** mellor clasificadas na **2ª Fase do concurso**:

Gravación en estudio da canción e a súa edición no CD Quero Cantar 16.

Premios da Gala final:

1º clasificado: Grabación dun videoclip da canción gañadora e 300€ en material musical

2º clasificado: 200€ en material musical

3º, 4º e 5º clasificado: 100€ en material musical

Para presentarse ao concurso será necesario realizar e enviar unha maqueta en formato audiovisual (.mp4) ou só audio (.mp3, .wav, ou .ogg) cos seguintes requisitos:

A maqueta que envíen para participar será de *música orixinal e inédita* que nunca fose difundida nin en soporte físico nin a través das redes sociais e conterá unha única canción.

A letra ha ser en galego, con textos orixinais ou xa coñecidos sempre que estiveren libres de dereitos de autoría.

O prazo de presentación das solicitudes estará aberto ata o **15 de abril de 2016**.

As solicitudes presentaranse mediante correo electrónico dirixido a (cultura.concursoinfantil@dacoruna.gal)

Máis información no BOP da Coruña do 8 de xaneiro de 2016 e en <http://www.dicoruna.es/>

NOVAS DE EMPREGO ▶ EMPREGO PÚBLICO

Listaxe de contratación de profesor/a de piano en Carballo

Martes, 05 Xaneiro 2016 09:14

O Concello de Carballo fai **unha convocatoria para a selección de persoal docente** para a confección dunha listaxe substitucións coa categoría de **profesor/a de piano**.

Titulacións:

- *Título superior de música* establecido no artigo 54 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ou equivalente, na especialidade de piano.
- *Título superior de música* establecido no artigo 4.2.3 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, ou equivalente, na especialidade de piano.
- *Título de profesor de música*, graos superior ou medio, do plan de estudos que regula o Decreto 2618/1966, do 10 de setembro, polo que se aproba o regulamento xeral dos conservatorios de música, na especialidade de piano.
- *Título de profesor ou título profesional de música* do plan de estudos que regula o Decreto do 15 de xuño de 1942, na especialidade de piano.

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o **15 de xaneiro de 2016**.

Máis información no BOP da Coruña do 5 de xaneiro de 2016.

Xuiz/a de paz do Concello de Poio

Martes, 05 Xaneiro 2016 09:21

O **Tribunal Superior de Xustiza de Galicia** fai unha convocatoria pública para cubrir a **praza de xuiz de paz substituto do Concello de Poio**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **19 de xaneiro de 2016**.

Máis información no BOP de Pontevedra do 5 de xaneiro de 2016.

Convocadas 80 prazas do Corpo de Letrados de Xustiza

Xoves, 07 Xaneiro 2016 11:44

O **Ministerio de Xustiza**, convoca estas prazas polo sistema de oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 7 de xaneiro de 2016. www.boe.es

Convocadas 1.500 prazas de militares de tropa e mariñería

Xoves, 07 Xaneiro 2016 11:45

O **Ministerio de Defensa**, convoca estas prazas, polo sistema de concurso-oposición, durante todo o ano 2016.

Máis información BOE do 7 de xaneiro de 2016. www.boe.es

Prazas de xardinería e Monitor de tempo libre en Mesía

Venres, 08 Xaneiro 2016 07:50

O **Concello de Mesía** necesita cubrir temporalmente **unha praza de Xardinería e outra de Monitor de tempo libre**.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **15 de xaneiro de 2016**.

Máis información na Omix de Mesía, teléfono 981 687 001.

Xuíz/a de paz titular e substituto en Abegondo

Luns, 11 Xaneiro 2016 09:11

O **Concello de Abegondo** fai unha unha convocatoria pública para cubrir a **praza de xuíz/A de paz titular e substituto**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **27 de xaneiro de 2016**.

Máis información no BOP da Coruña do 11 de xaneiro de 2016.

Persoal para o CIM da mancomunidade de concellos "Santa Águeda"

Luns, 11 Xaneiro 2016 10:48

A **Mancomunidade de Concellos "Santa Águeda"** necesita contratar o seguinte persoal para o **CIM**:

- Un/ha xente de igualdade
- Un/ha asesor/a xurídico/a
- Un/ha psicólogo/a

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **13 de xaneiro de 2016**.

Máis información no BOP de Ourense do 11 de setembro de 2016 e na **Mancomunidade** 988 281 930.

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PRIVADO

Ofertas Servizo Público de Emprego 08/01/2016

Venres, 08 Xaneiro 2016 07:19

Intaladores de conducións de aire acondicionado e ventilación

- Localidade: Silleda (Pontevedra)
- Nº oferta: 12/2015/13551
- Data: 08/01/2016
- Requisitos: oficiais 1ª ou 2ª con experiencia (mínimo 6 meses) para instalación ventilación en edificios, naves, etc.

Outros profesionais das terapias alternativas

- Localidade: Barbadas (Ourense)
- Nº oferta: 12/2016/16
- Data: 08/01/2016
- Requisitos: experiencia en terapias relacionadas con medicina hiperbárica.

Máis información no 012 e en <http://emprego.xunta.es/cmspro/contido/botones/ofertasEmpleo/>

Ofertas Servizo Público de Emprego 31/12/2015

Venres, 08 Xaneiro 2016 07:27

Peóns/as gandeiros/as, en xeral

- Localidade: Rodeiro (Pontevedra)
- Nº oferta: 12/2015/14449
- Data: 31/12/2015
- Requisitos: necesítanse peóns/as gandeiros/as.

Acróbatas

- Localidade: Caldas de Reis (Pontevedra)
- Nº oferta: 12/2015/14511
- Data: 31/12/2015
- Requisitos: necesítanse acróbatas.

Máis información no 012 e en <http://emprego.xunta.es/cmspro/contido/botones/ofertasEmpleo/>

Ofertas Servizo Público de Emprego 24/12/2015

Venres, 08 Xaneiro 2016 07:33

Pintores/as de vehículos, en xeral

- Localidade: Carballo (A Coruña)
- Nº oferta: 12/2015/13342
- Data: 24/12/2015
- Requisitos: precísase axudante de pintor/a de vehículos con experiencia.

Monitores/as e/ou animadores/as deportivos/as

- Localidade: Carballo (A Coruña)
- Nº oferta: 12/2015/14259
- Data: 24/12/2015
- Requisitos: Licenciado ou graduado en INEF.

Máis información no 012 e en <http://emprego.xunta.es/cmspro/contido/botones/ofertasEmpleo/>

Caixeiro/a Activa

Venres, 08 Xaneiro 2016 11:45

Localidade: Santiago de Compostela

Requisitos:

- Valorarase a experiencia previa no posto (non imprescindible).
- Competencias en orientación ao cliente, orientación a resultados, traballo en equipo, iniciativa, aprendizaxe e mellora continua.

Tipo de contrato: 20 h. / semana

Debes estar rexistrado e logueado para poder enviar o teu currículo. <http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1649/caixeiroa>

2 enquisadores/as Activa

Venres, 08 Xaneiro 2016 11:46

Nº de postos: 2

Localidade: Santiago de Compostela.

Tarefas a desenvolver: Entrevistas personais mediante tablet a turistas en Santiago e comarca, tamén realizamos enquisas a turistas en toda Galicia.

Requisitos:

- Non se esixe titulación pero valorarase estudos en Turismo.
- IMPRESCINDIBLE nivel de inglés B1.

Outros requisitos:

- Nocións de turismo.
- Estar familiarizado co uso de dispositivos móbiles.
- Disponibilidade horaria, aínda que se trata dun traballo compatible con outros.
- Vehículo propio.

Tipo de contrato: Temporal.

Incorporación: febreiro de 2016.

Debes estar rexistrado e logueado para poder enviar o teu currículo.

<http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1650/2-enquisadoresas>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de
Xuventude e Voluntariado



xuventude.net